

Proxecto educativo de centro

Escola oficial de idiomas de Lugo

Actualizado en xuño de 2024

Introdución	3
A descrición do contorno social, cultural e económico.....	5
Sinais de identidade e formulacións educativas	5
Contexto e características	6
Recursos humanos	7
Instalacións	8
O alumnado	9
Os obxectivos da escola	10
Obxectivos principais.....	10
Obxectivos específicos	10
Prioridades de actuación	12
As medidas e recursos de organización e de xestión para a consecución dos obxectivos establecidos.	13
Obxectivos principais.....	13
Inclusión.....	13
Promoción do uso da lingua galega	13
Promoción da igualdade	13
Promoción da escola	14
Organización da escola	14
As relacións con institucións, organismos ou entidades para a consecución dos obxectivos previstos.	15
Institucións coas que colabora o centro	15
Os principios metodolóxicos e os criterios de selección de material didáctico.	17
Principios metodolóxicos	17
Documentos para a escolla dos libros de texto ou calquera outro material didáctico	31
A oferta formativa.....	32
Modalidades de ensino:.....	32
Cursos para colectivos máis específicos	32
Certificación dos niveis do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.....	32
Directrices xerais para a elaboración e seguimento das programacións didácticas.	33
Avaliación da programación didáctica e proposta de revisión para o seguinte curso	33
Directrices xerais para a elaboración das actividades culturais e de promoción dos idiomas.	35
Directrices para o funcionamento adecuado das titorías.	37
Plan de avaliación de todos os proxectos pedagóxicos e de funcionamento e de xestión da escola.	38
Obxectivos da avaliación do centro	38
Que se avalía?.....	38
Como se avalía?.....	38

Introducción

Na Unión Europea (UE), cada Estado membro asume a plena responsabilidade na organización dos seus sistemas educativos co gallo de contribuír ao desenvolvemento dunha comunidade de ensinanza e aprendizaxe permanente a escala europea, non sen garantir unha educación de calidade, baseada no intercambio, na cooperación e na mobilidade entre centros e sistemas educativos e de formación.

Atinxe principalmente ás autoridades dos Estados membros a responsabilidade de levar á práctica a aprendizaxe das linguas, promovida polo Consello de Europa xa no ano 2001, coa publicación do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL) e coa elaboración do Portfolio Europeo das Linguas (PEL), sen obviar outras accións da Comunidade Europea que evidencian a necesidade de adquirir competencias lingüísticas e coñecementos doutras culturas para facilitar a mobilidade dos seus habitantes.

Neste contexto, seguindo as recomendacións emitidas polo Consello de Europa, para que a aprendizaxe de idiomas e a súa certificación se organicen nunha serie de niveis comúns, a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación foi modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro. Así, no seu artigo 59.1, a Lei orgánica 2/2006 establece que estas ensinanzas se organizan nos niveis básico, intermedio e avanzado e que os ditos niveis se corresponderán, respectivamente, cos niveis A, B e C do Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas (MECRL), que se subdividen, á súa vez, nos niveis A1, A2, B1, B2, C1, e C2.

En consonancia co disposto nos artigos 6 bis.1.e) e 6 bis.3 da Lei orgánica 2/2006, o Goberno fixou no Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro, as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación e o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas impartidos nas escolas oficiais de idiomas, co fin de asegurar unha formación común e garantir a validez dos certificados correspondentes.

Do mesmo xeito, o artigo 60.1 dispón que as ensinanzas de idiomas correspondentes aos niveis intermedio e avanzado serán impartidas nas escolas oficiais de idiomas.

O Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico a efectos de certificación, establece o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1, e avanzado C2, das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece as equivalencias entre as ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as deste Real decreto, e fixa as esixencias mínimas para os efectos de certificación e estableceu o currículo básico, que desenvolveu, posteriormente, a nivel autonómico o Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos niveis básico, intermedio e avanzado (DOG do 13 de agosto de 2018).

Ademais, o Real decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, establece os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial.

Na actualidade, está en proceso de tramitación a orde para a implantación da nova ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta nova ordenación das ensinanzas nas escolas oficiais de idiomas ten a finalidade de darlles transparencia e validez aos certificados que expiden, tanto no ámbito académico e profesional como no nacional e no europeo.

Dende unha perspectiva global, non só se agarda que a escola sexa un motor que xere coñecemento, axude a crear pensamento e expida titulacións, senón que ademais será un instrumento de progreso, de cidadanía e de acceso á cultura, de loita contra a exclusión social, de defensa dos valores democráticos, especialmente de convivencia, e de tolerancia.

A descrición do contorno social, cultural e económico.

A Escola Oficial de Idiomas de Lugo é un centro de ensinanzas de réxime especial dependente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia.

Empezou a súa andaina no ano 1987, creada polo Decreto 144/1987, do 4 de xuño, e autorizouse a súa posta en funcionamento por Orde do 16 de setembro de 1987, (DOG do 08.10.1987). Ocupou provisionalmente varios centros da cidade e, no mes de outubro do 2001, inaugura a súa sede propia no número 1 na Rolda Músico Xosé Castiñeira de Lugo.

Sinais de identidade e formulacións educativas

A Escola Oficial de Idiomas de Lugo réxese polos principios constitucionais de igualdade, liberdade, xustiza, pluralismo, respecto á dignidade e dereitos da persoa, aconfesionalidade e non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outro motivo.

Propugna así mesmo a integración de alumnado de toda condición e procedencia, coa única limitación dos requisitos académicos, de idade e de residencia legal en España que están establecidos para a matrícula.

Fomenta a participación de toda a comunidade escolar na xestión democrática do centro na forma establecida na lexislación vixente.

Suscítase a boa convivencia no centro de traballo como un obxectivo fundamental que se aspira a cumprir mediante o diálogo, o respecto mutuo, a solidariedade, a responsabilidade, o esforzo e a colaboración.

Pretende reflectir a súa vocación de servizo á sociedade adaptando a súa oferta educativa, o seu funcionamento administrativo e a súa metodoloxía didáctica ás demandas sociais.

Está aberta ás novas correntes metodolóxicas e aos avances tecnolóxicos que poidan renovar os seus métodos, materiais e recursos didácticos.

A vocación principal deste centro de abrir oportunidades de comunicación, cultura, emprego e información aos habitantes de Lugo e da provincia no resto do mundo, e máis concretamente na nosa contorna europea, así como de axudar as persoas estranxeiras residentes en Lugo no seu proceso de integración.

Relacionado con iso, os idiomas cumpren a función de axudar a superar prexuízos contra outras culturas e a superar unha visión localista e limitada. Nese sentido, esta escola atopa outra das súas razóns de ser en facilitar o acceso a outras formas de pensar, a outras tradicións culturais, a xeitos diferentes de concibir a vida; e ampliar así o horizonte da cultura local.

Esta escola é un foro de encontro intercultural e interxeracional:

- Intercultural, porque os idiomas representan e transmiten culturas, e porque nas súas aulas se integran individuos procedentes de distintos contextos culturais.
- Interxeracional, porque en moitos grupos coincide alumnado de moi distintos grupos de idade, o cal, aínda que ten os seus inconvenientes didácticos, ten grandes vantaxes de socialización nunha sociedade que ofrece tan poucos foros de encontro ás distintas xeracións.

Ademais, recollendo as respostas do alumnado sobre as súas motivacións para estudar idiomas nesta escola, dedúcense varias funcións sociais que cumpre o noso centro:

- Facilitar o desenvolvemento dos intereses persoais dos individuos, para así contribuír ás aspiracións de realización persoal de cada un e á animación sociocultural da comunidade.
- Complementar a formación académica de estudantes e traballadores, provendo un ensino facilmente accesible e de calidade.
- Impartir cursos para a actualización de coñecementos de idiomas e para a formación do profesorado e doutros colectivos profesionais. (segundo dita a LOE 2/2006 no seu artigo 60.4).
- Ofrecer unha ferramenta sumamente útil para permitir o contacto con outros países e culturas e viaxar fóra das nosas fronteiras.
- Favorecer as relacións sociais entre persoas procedentes de moi diversos contextos.

Para rematar, as escolas oficiais de idiomas cumpren unha función moi práctica como é acreditar a competencia alcanzada con certificados oficiais recoñecidos en todo o territorio español e no ámbito da Unión Europea.

Contexto e características

A provincia de Lugo, aínda que a máis extensa das catro provincias galegas, é a terceira en número de habitantes (324.840) dos cales arredor do 31 % viven na capital. A cidade de Lugo, conta pois con algo máis de 100.060 residentes. Na actualidade, a provincia conta con catro escolas oficiais de idiomas: Viveiro e Ribadeo na costa lucense, e Lugo e Monforte na zona centro e sur da provincia. Destas escolas dependen ademais varias extensións; Burela e Sarria dende o curso 2012/13, que dependen respectivamente da EOI de Viveiro e da EOI de Lugo e, dende o curso 2017-2018, a extensión de Chantada, que depende da EOI de Monforte.

A Escola Oficial de Idiomas de Lugo (código: 27015955) está situada na entrada sur da cidade, cunha gran densidade de poboación estudantil: alumnado dos conservatorios profesionais de música e danza, Campus Universitario, Escola de Arte e Deseño Ramón Falcón e varios centros educativos de educación secundaria e de formación profesional. Tanto o alumnado como o persoal destes centros está amplamente representado entre o noso alumnado.

A esixencia dun nivel B1 de dominio dunha lingua estranxeira ao remate da carreira universitaria e un mercado laboral cada vez máis globalizado que supón, en moitos casos, manter contactos con empresas no estranxeiro ou mesmo ter que emigrar, en particular aos países do norte de Europa (Alemaña, Reino Unido, Suíza e Francia) para conseguir un emprego, son algúns motivos para iniciar ou profundar no estudo dunha ou varias linguas estranxeiras nunha escola oficial de idiomas (EOI).

Por outra banda, a vantaxe de estar a menos de 10 minutos do centro histórico de Lugo e de ser a única EOI que ofrezca o estudo de seis linguas estranxeiras, ademais de galego e español como lingua estranxeira, nun radio de case 100 quilómetros, favorece que no noso centro o alumnado pertenza tanto ao eido urbano como ao rural.

No curso 2023/2024, 640 alumnos do centro residen fóra do municipio de Lugo, o que supón o 33 % do alumnado e 159 de fóra da provincia de Lugo, que supón o 8 % do alumnado. Dende o curso 2012/13, a apertura da extensión de Sarria, pretende reducir o hándicap das distancias, neste caso, para o alumnado residente na zona sur da provincia, é dicir, entre Lugo e Monforte.

A Escola Oficial de Idiomas de Lugo tenta responder ás necesidades dunha poboación que se desenvolve principalmente no sector terciario, nun mundo marcado polas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), pola investigación no campo da saúde e en materia agroalimentaria.

Lugo caracterízase tamén por unha importante presenza hoteleira. Grazas ao atractivo histórico-monumental e ao paso polo centro da cidade do Camiño de Santiago (Camiño Primitivo) e á súa situación só a uns 20 quilómetros do Camiño francés, fai que os comerciantes de Lugo e dos seus arredores teñan que atender a diario unha gran cantidade de peregrinos e turistas estranxeiros. Para estes profesionais, aprender idiomas na Escola Oficial de Idiomas de Lugo é a oportunidade de mellorar a imaxe do pequeno comercio e a calidade da atención cara ao público estranxeiro.

Por outra banda, temos na EOI de Lugo un importante representación de funcionariado relacionado co campo do ensino, da saúde e das forzas de seguridade. A respecto da idade, existe unha heteroxeneidade importante entre o alumnado do centro (dende os 14 anos ata xubilados).

Debido a que a maioría son cidadáns en idade laboral ou que cursan estudos en distintos niveis, a escola convértese nun lugar en que o alumnado procura unha formación complementaria ou a mellora do seu currículo académico. Existe tamén unha porcentaxe máis baixa de alumnado que simplemente aprende un idioma por pracer, para poder viaxar con máis autonomía ou para manter unha actividade intelectual.

Finalmente, o denominador común do noso alumnado é a motivación que o move a matricularse na EOI, en que o noso ensino non é obrigatorio, ben sexa para completar a súa formación académica ou polo pracer de adquirir unha ou varias linguas distintas da súa propia, que lle abren novos horizontes insospeitables.

Recursos humanos

Persoal Docente no curso 2024/2025

Idiomas	Prazas creadas	Nº total de profesorado	Profesorado con destino definitivo na EOI de Lugo	Profesorado que ocupará a súa praza na EOI no curso 2024/25	Prazas ocupadas por profesorado itinerante
Alemán	3	3	3	3	0
Chinés	1	2	1	1	1
Francés	3	3	3	3	0
Galego	3	5,5	3	2	2,5
Inglés	12	17 ⁽¹⁾	12	12	5,5
Italiano	2	3	2	2	1
Portugués	2	2	2	2	0
Español para estranxeiros	0	0,5	0	0	0
Total	26	36	26	25	10

⁽¹⁾ Dous profesores a xornada completa na Extensión de Sarria.

Por outra banda, a Escola Oficial de Idiomas de Lugo conta con oito membros de persoal de administración e servizos, ademais da persoa responsable da xestión de *That's English!* no centro, e cun volume de

alumnado que supera as 2000 persoas (60 dos cales estudan na Extensión de Sarria) que cursa ensinanzas nas diferentes modalidades que se ofrecen en seis idiomas estranxeiros (alemán, chinés, francés, inglés, italiano e portugués) e mais galego e español para estranxeiros que se impartirá de xeito experimental durante o curso 2024/25. Polas súas características, a Escola Oficial de Idiomas de Lugo é un centro de tamaño medio cun bo abano de idiomas e cunha tipoloxía de cursos cada vez máis ampla, pero cun espazo reducido que supón que a súa organización resulte complexa.

Instalacións

As instalacións ocupadas pola EOI de Lugo inauguráronse no curso 2001-2002. Trátase dun edificio dividido en tres plantas, luminoso e ben situado, que comparte recinto e gastos de mantemento cos conservatorios de música e de danza, formando un conxunto tanto estético como educativo, xa que os tres se clasifican como centros de ensinanzas de réxime especial.

Actualmente, o centro conta con 19 aulas repartidas en dous andares: seis no primeiro andar (numeradas do 1, 1B ao 5 e aula de informática) e 12 no andar inferior (numeradas do 6 ao 16, agás a aula 7 dividida en 7 e 7B. Coa excepción das aulas que se destinan a grupos pequenos (1B, 15, 16 e 7B), as demais aulas, poden dar cabida a uns 30 alumnos.

Todas están convenientemente dotadas de equipos informáticos, equipos de son e paneis interactivos.

No primeiro andar, ao que se accede dende o exterior por unha pasarela, encóntrase o espazo de encontro das persoas traballadoras do centro, a sala de informática con 16 postos dotados de micrófonos e auriculares, e o salón de actos ou sala de conferencias cunha capacidade dunhas 100 persoas. Todos estes espazos gozan dun equipamento completo en tecnoloxías da información e da comunicación co fin de facilitar e ampliar o abano de posibilidades para o desenvolvemento do labor docente.

Na á norte do edificio, e na mesma planta, hai dous despachos individuais para os departamentos de francés e inglés, e tres compartidos para os departamentos alemán e español para estranxeiros, de galego e portugués, e italiano e chinés. Finalmente, a sala de profesores, que se utiliza á vez como sala de traballo, por motivos de espazo. Todas estas dependencias dispoñen de computadoras de mesa e portátiles para uso do profesorado.

Ademais, a escola conta con tres baños neste andar, un deles adaptado para persoal con necesidades específicas.

Na á sur, en fronte da entrada principal, está a secretaría do centro, cun pequeno almacén que acolle os expedientes do alumando antes da súa dixitalización. Finalmente, nesa mesma entrada, seguindo o corredor, detrás dunha cristaleira opaca, están os catro despachos do equipo directivo.

Na planta baixa, en fronte da entrada, está a conserxaría, detrás da escaleira de acceso ao primeiro andar. Seguindo á man esquerda, tras pasar a entrada doutros dous aseos, está á biblioteca, que se complementa cun espazo de estudo na aula 7. Trátase dunha sala acolledora que contén arredor duns 14.000 volumes (material en formato papel, audio e vídeo) ordenados en vitrinas ou estantes e por departamentos que están dispoñibles para consultar *in situ* ou para levar en préstamo.

Neste andar, na parte traseira, ademais das aulas, están a oficina de *That's English!*, cuxa obra se realizou despois da inauguración do centro, e o acceso á conserxaría reservado ao persoal do centro. Nese espazo, á parte da conserxaría, atópanse unha sala pequena que utiliza o persoal de limpeza para acomodarse, un aseo e unha ducha, tamén instalada despois do ano 2001, pensada, en maior medida, para este colectivo e,

finalmente, un acceso por unha escaleira ao soto que dispón de dous almacéns, un principal e outro secundario, conforme o seu tamaño, e mais a sala de máquinas.

A EOI dispón de ascensor. Non hai espazos de reunión para o alumnado nin cafetería, pero conta con dúas máquinas expendedoras de bebidas quentes e frías, que a maioría do alumnado e do persoal do centro utiliza a diario.

En canto ao espazo exterior, a escola dispón, á parte dun espazo axardinado que require de mantemento por unha empresa externa, dun aparcadoiro, que comparte cos conservatorios de música e danza, tanto para o persoal como para o alumnado, ademais dun aparcadoiro para bicicletas, no acceso principal ao centro e outro na parte traseira.

Desde o curso 2015/16 realizouse un cambio no acceso de vehículos ao aparcadoiro, pasando a ser pola rúa dos Estudantes en lugar de ser pola rúa Xesús Bal e Gay, e a saída, que é só pola avenida de Madrid.

O alumnado

A EOI de Lugo acolle, como xa se salientou anteriormente, máis de 2.000 alumnos ao longo do curso, a maioría mulleres –no curso 2023/2024 o 69 %–, e repartidos en sete idiomas, destacando que o departamento de Inglés é o máis numeroso co 51 % do alumnado.

Os obxectivos da escola

Obxectivos principais

Segundo a Lei orgánica de educación 2/2006, as ensinanzas de idiomas teñen por obxecto capacitar o alumnado para o uso adecuado dos diferentes idiomas, fóra das etapas ordinarias do sistema educativo. Ademais, o Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia especifica que a finalidade das escolas oficiais de idiomas é facilitarlle ao alumnado o desenvolvemento da capacidade de adquirir, actualizar, completar e ampliar a competencia comunicativa en linguas estranxeiras, ao longo da vida, para o seu desenvolvemento persoal e profesional. As escolas oficiais de idiomas son os centros docentes públicos en que se ofrecerán contextos para a aprendizaxe e a práctica de idiomas. Nelas, deberase fomentar especialmente o estudo das linguas oficiais dos estados membros da Unión Europea, das linguas cooficiais existentes en España e do español como lingua estranxeira. Así mesmo, facilitarase o estudo doutras linguas que, por razóns culturais, sociais, económicas ou de oportunidade resulten de especial interese.

Por conseguinte, e para dar resposta ás necesidades da contorna, a Escola Oficial de Idiomas de Lugo establece como obxectivos principais:

- a) Acadar a competencia comunicativa nas linguas que se imparten no centro coa finalidade de responder ás necesidades de formación e desenvolvemento persoal e laboral do alumnado, así como facilitar a interacción cos falantes das linguas meta e o acceso a outros coñecementos e aprendizaxes.
- b) Valorar os logros culturais, científicos e tecnolóxicos das comunidades que se expresan nas linguas obxectos de estudo.
- c) Desenvolver estratexias de aprendizaxe autónoma que permitan modular e perfeccionar a aprendizaxe ao longo de toda a vida.
- d) Fomentar a aprendizaxe autónoma, ofrecendo as instalacións e os medios técnicos adecuados para este fin.
- e) Contribuír ao enriquecemento cultural do alumnado, a través do contacto cos falantes e cos ámbitos culturais propios dos idiomas cuxo ensino se imparte no centro.
- f) Fomentar o plurilingüismo e o respecto pola pluralidade cultural.
- g) Fomentar o interese e a ilusión pola aprendizaxe das linguas.
- h) Impartir cursos de actualización e perfeccionamento atendendo á demanda da sociedade.
- i) Fomentar a implantación de novos idiomas na escola atendendo a demanda social da contorna, especialmente, español para estranxeiros.

Obxectivos específicos

Inclusión

- a) Utilizar metodoloxías que garantan a inclusión de todo o alumnado, recoñecendo a singularidade de aprendizaxe de cada estudante e promovendo a accesibilidade educativa por medio dun currículo flexible capaz de axustarse ás necesidades, ritmos e diversidade de cada estudante.

Promoción do uso da lingua galega

- a) Potenciar o uso cotián do galego como lingua de comunicación na vida diaria do centro.

Promoción da igualdade

- a) Fomentar a superación de estereotipos, prexuízos e discriminacións por razón de xénero, orixe, etnia etc, así como as desigualdades sociais e as xerarquías baseadas neses estereotipos, en modas sociais ou culturais, en prexuízos sexistas ou en calquera outra forma de discriminación.
- b) Promover o respecto pola diversidade, educando na non discriminación das persoas pola súa orientación sexual, orixe, etnia etc.
- c) Fomentar a linguaxe inclusiva e non sexista.

Promoción da escola

- a) Dar a coñecer a escola como o centro de referencia para a aprendizaxe de linguas e a certificación das competencias.
- b) Participar en foros de debate sobre a mellora da organización, funcionamento e finalidade das escolas oficiais de idiomas.
- c) Impulsar as relacións con outros centros educativos.

Organización da escola

- a) Potenciar as estruturas de coordinación para a xestión do centro, fomentando o traballo en equipo e o intercambio de experiencias.
- b) Potenciar a participación de todos os sectores da comunidade escolar na xestión e funcionamento do centro.
- c) Crear e favorecer un bo clima de convivencia e de integración de todos os membros da comunidade educativa.
- d) Proporcionar ao profesorado os medios e condicións que lle permitan desenvolver unha acción educativa de calidade.
- e) Elaborar horarios racionais que teñan en conta as necesidades do centro e os criterios de equidade.
- f) Potenciar as estruturas de coordinación didáctica, tanto de idioma, ciclo e curso, como dos departamentos docentes, fomentando o traballo en equipo e o intercambio de experiencias.
- g) Impulsar a innovación e a formación continua do profesorado e do persoal de administración e servizos, facilitando o acceso ás actividades e recursos de institucións alleas ao centro e do propio centro.
- h) Impulsar e fomentar a participación do centro en proxectos europeos, de intercambios de alumnado, de profesorado e tamén a incorporación de profesorado nativo de apoio, como auxiliares de conversa.
- i) Fomentar a sostibilidade, o aforro enerxético e a optimización dos recursos.
- j) Fomentar a participación activa na dinamización da biblioteca.

Prioridades de actuación

Para mellorar a competencia dixital e pedagóxica do profesorado, adaptándoa á lexislación actual e ás liñas metodolóxicas inclusivas, considéranse prioridades de actuación os seguintes obxectivos:

- a) Impulsar a innovación e a formación continua do profesorado, facilitando o acceso ás actividades e recursos de institucións alleas ao centro e do propio centro.
- b) Utilizar metodoloxías que garantan a inclusión de todo o alumnado, recoñecendo a singularidade da aprendizaxe de cada estudante e promovendo a accesibilidade educativa por medio dun currículo flexible capaz de axustarse ás necesidades, ritmos e diversidade de cada estudante.
- c) Potenciar as estruturas de coordinación didáctica, tanto de idioma, ciclo e curso, como dos departamentos docentes, fomentando o traballo en equipo e o intercambio de experiencias.

As medidas e recursos de organización e de xestión para a consecución dos obxectivos establecidos.

Obxectivos principais

- 1) Formación do profesorado:
 - a. Organización de cursos, grupos de traballo e seminarios específicos para escolas de idiomas, sempre que sexa posible, coa colaboración do CFR.
 - b. Promoción e difusión das actividades de formación organizadas por outras entidades, que sexan de interese para o noso tipo de ensino.
 - c. Promoción e participación en proxectos europeos que faciliten a actualización lingüística e cultural do profesorado.
 - d. Fomento da participación en actividades de formación dirixidas á creación dun ambiente positivo na aula e ao emprego de metodoloxías activas da aprendizaxe.
- 2) Mellora da competencia lingüística e cultural do alumnado:
 - a. Participación en proxectos eTwinning.
 - b. Participación en proxectos europeos de mobilidade.
 - c. Organización de viaxes culturais e de promoción dos idiomas a países onde se falen as linguas obxecto de estudo.
 - d. Organización de actividades culturais e de promoción dos idiomas que acheguen o alumnado a outros coñecementos e aprendizaxes relacionados con esas linguas.
- 3) Integración de actividades que valoren os logros culturais, científicos e tecnolóxicos das comunidades que se expresan nas linguas obxectos de estudo.
- 4) Mellora das estratexias de aprendizaxe autónoma:
 - a. Promoción dos cursos semipresenciais.
 - b. Implementación do deseño universal da aprendizaxe.
 - c. Estruturación da aula virtual que promova a aprendizaxe autónoma, a través da incorporación de tarefas autocorrixibles, diferentes canles de información...
 - d. Fomento do uso da biblioteca como fonte de recursos de aprendizaxe.
- 5) Impartición de cursos de actualización e perfeccionamento atendendo á demanda da sociedade.
- 6) Análise da demanda social da contorna para a implantación de novos idiomas.

Inclusión

- 1) Formación do profesorado nas ferramentas, estratexias e metodoloxías que garantan a inclusión de todo o alumnado, recoñecendo a singularidade de aprendizaxe de cada estudante e promovendo a accesibilidade educativa por medio dun currículo flexible capaz de axustarse ás necesidades, ritmos e diversidade de cada estudante.

Promoción do uso da lingua galega

- 1) Potenciación e fomento das actividades de dinamización e uso da lingua galega.

Promoción da igualdade

- 1) Inclusión nas programacións didácticas de materiais que promovan a igualdade e o respecto pola diversidade.
- 2) Organización de actividades culturais e de promoción dos idiomas que fomenten a superación de estereotipos, prexuízos e discriminacións por razón de xénero, orixe, etnia etc, así como as

desigualdades sociais e as xerarquías baseadas neses estereotipos, en modas sociais ou culturais, en prexuízos sexistas ou en calquera outra forma de discriminación.

- 3) Redacción da documentación do centro utilizando a linguaxe inclusiva e non sexista.

Promoción da escola

- 1) Visibilización nas redes sociais, plataformas educativas, prensa e nos centros educativos da contorna.
- 2) Participación en foros de debate sobre a mellora da organización, funcionamento e finalidade das escolas oficiais de idiomas.

Organización da escola

- 1) Uso das ferramentas corporativas para facilitar a coordinación da xestión do centro, o traballo en equipo e o intercambio de experiencias.
- 2) Fomento do uso dos espazos de convivencia e de integración de todos os membros da comunidade educativa.
- 3) Fomento da sostibilidade, o aforro enerxético e a optimización de recursos como o material funxible, apagado de aparellos electrónicos...
- 4) Fomento da participación activa na dinamización da biblioteca mediante a visibilización das actividades nas redes sociais.

As relacións con institucións, organismos ou entidades para a consecución dos obxectivos previstos.

As iniciativas e programacións de actividades académicas e culturais non serían posibles sen unha extensa rede de colaboracións con distintos organismos, institucións, entidades, asociacións e persoas coas que a Escola Oficial de Idiomas de Lugo traballa en conxunto pola promoción da aprendizaxe das linguas e da diversidade cultural.

Desenvolvemos a nosa proposta seguindo unha liña de traballo que favoreza as relacións da Escola Oficial de Idiomas coas institucións, establecendo canles de participación e comunicación que axuden a acadar os obxectivos que propoñemos.

Institucións coas que colabora o centro

- Secretaría Xeral de Política Lingüística, co fin de:
 - Potenciar o uso da lingua galega a través de axudas ao EDLG.
 - Impartir cursos de preparación para as probas Celga e cursos de linguaxe administrativa galega.
- Centro de Formación e Recursos, co fin de:
 - Impulsar a innovación e a formación continua do profesorado do centro (Plan de formación).
 - Impartir cursos de actualización e perfeccionamento atendendo a demanda do profesorado alleo ao centro (cursos de CALC, actualización lingüística etc.).
- Equipo de Orientación Específico, co fin de:
 - Establecer mecanismos para atender as persoas con discapacidades físicas e/ou sensoriais (asesoramento, adaptación de probas...).
- Institucións educativas doutros países, co fin de:
 - Contribuír ao enriquecemento cultural do alumnado, a través do contacto cos falantes e cos ámbitos culturais propios dos idiomas cuxo ensino se imparte no centro (proxectos internacionais, Erasmus+...).
- Centros escolares da contorna, co fin de:
 - Potenciar a coordinación entre os equipos directivos, para fomentar o traballo en equipo e o intercambio de experiencias.
 - Dar a coñecer a escola como o centro de referencia para a aprendizaxe de linguas e a certificación das competencias. (Actividades de promoción da escola, presentación da escola como institución ao alumnado deses centros).
- Administracións e asociacións locais, co fin de:
 - Dar a coñecer a escola como o centro de referencia para a aprendizaxe de linguas e a certificación das competencias.
 - Fomentar o plurilingüismo e o respecto pola pluralidade cultural.

- Centros escolares do recinto, co fin de:
 - Promover o consumo enerxético responsable (electricidade, auga, calefacción) e a optimización dos recursos.
 - Crear e favorecer un bo clima de convivencia, de confianza e de traballo entre todos os membros da comunidade educativa.
- Outras escolas oficiais de idiomas, co fin de:
 - Participar en foros de debate sobre a mellora da organización, funcionamento e finalidade das escolas oficiais de idiomas.
 - Potenciar as estruturas de coordinación didáctica, tanto de idioma, ciclo e curso, como de departamentos docentes, fomentando o traballo en equipo e o intercambio de experiencias.
- SEPIE e organismos europeos, co fin de:
 - Impulsar e fomentar a participación do centro en proxectos europeos e a incorporación de profesorado nativo de apoio, como auxiliares de conversa, para contribuír ao enriquecemento cultural do alumnado, a través do contacto cos falantes e cos ámbitos culturais propios dos idiomas cuxo ensino se imparte no centro (proxectos internacionais, Erasmus+, e-Twinning...).
 - Impulsar a innovación e a formación continua do profesorado e do persoal de administración e servizos, facilitando o acceso ás actividades e recursos das institucións.
 - Fomentar a realización no centro de actividades de formación e perfeccionamento pedagóxicos en que poidan participar todos os membros do claustro.
 - Fomentar a acollida de docentes estranxeiros para realizar observacións de aulas e intercambio de experiencias.
- Medios de comunicación, co fin de:
 - Dar a coñecer a escola como o centro de referencia para a aprendizaxe de linguas e a certificación das competencias.
 - Fomentar o plurilingüismo e o respecto pola pluralidade cultural.
 - Fomentar o interese e a ilusión pola aprendizaxe das linguas.
 - Visibilizar as actividades e proxectos relacionados cos distintos sectores da comunidade escolar.

Os principios metodolóxicos e os criterios de selección de material didáctico.

Os principios metodolóxicos deben estar en concordancia coas pautas que se describen nos seguintes documentos e, sobre todo, estar ao servizo dos obxectivos que se describen neles:

- Nacións Unidas: Axenda 2030. Obxectivo 4: Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todos.
- A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, foi modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, para a mellora da calidade educativa nalgúns aspectos concernentes ás ensinanzas de idiomas de réxime especial. Así, no seu artigo 59.1, a Lei orgánica 2/2006 establece que estas ensinanzas se organizan nos niveis básico, intermedio e avanzado e que os ditos niveis se corresponderán, respectivamente, cos niveis A, B e C do Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas (MECRL), que se subdividen, pola súa vez, nos niveis A1, A2, B1, B2, C1 e C2.
- Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas. Consello de Europa/Xunta de Galicia.
- Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación e polo que se establece o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1, e avanzado C2, das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e se establecen as equivalencias entre as ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as deste real decreto.
- Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos niveis básico A1 e A2, intermedio B1 e B2 e avanzado C1 e C2 (DOG do 13.08.2018).
- Real decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, polo que se establecen os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial.
- Guía para a elaboración das programacións didácticas das EOI. Xunta de Galicia.

Principios metodolóxicos

Xa no preámbulo da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE) se fala do impacto que se espera da evolución da ciencia e da tecnoloxía no desenvolvemento da sociedade e de como afrontar os retos que se derivarán desta circunstancia.

Na devandita lei, expóñense tres niveis de actuación para mellorar estes aspectos:

1. Mellorar a capacitación dos docentes, desenvolver as aptitudes necesarias para a sociedade do coñecemento e garantir o acceso de todos ás tecnoloxías da información e a comunicación.
2. Facilitar o acceso xeneralizado aos sistemas de educación e formación, o que supón construír unha contorna de aprendizaxe aberta, facer a aprendizaxe máis atractiva e promocionar a cidadanía activa, a igualdade de oportunidades e a cohesión social.

3. Abrir estes sistemas ao mundo exterior, o que exige mellorar a aprendizaxe de idiomas estranxeiros, aumentar a mobilidade e os intercambios e reforzar a cooperación europea.

Así mesmo, o artigo 5, desta lei, que foi modificada pola LOMLOE que se refire á aprendizaxe ao longo da vida indica:

1. Todas as persoas deben ter a posibilidade de formarse ao longo da vida, dentro e fóra do sistema educativo, co fin de adquirir, actualizar, completar e ampliar as súas capacidades, coñecementos, habilidades, aptitudes e competencias para o seu desenvolvemento persoal e profesional.
2. O sistema educativo ten como principio básico propiciar a educación permanente. Para este efecto, preparará ao alumnado para aprender por si mesmos e facilitará ás persoas adultas a súa incorporación ás distintas ensinanzas, favorecendo a conciliación da aprendizaxe con outras responsabilidades e actividades.
3. Para garantir o acceso universal e permanente á aprendizaxe, as diferentes administracións públicas identificarán novas competencias e facilitarán a formación requirida para a súa adquisición.
4. Así mesmo, corresponde ás administracións públicas promover ofertas de aprendizaxe flexibles que permitan a adquisición de competencias básicas e, no seu caso, as correspondentes titulacións a aqueles rapaces e adultos que abandonaron o sistema educativo sen ningunha titulación.
5. O sistema educativo debe facilitar e as administracións públicas deben promover que toda a poboación chegue a acadar unha formación de educación secundaria postobrigatoria ou equivalente.
6. Corresponde ás administracións públicas facilitar o acceso á información e á orientación sobre as ofertas de aprendizaxe permanente e as posibilidades de acceso a estas.

Actualmente, despois dos grandes cambios que se produciron na sociedade dos últimos anos, cada vez se fai máis patente a necesidade de implicar as escolas na consecución dos obxectivos da Unión Europea a teor da educación, como se describen nun nivel xeral na Axenda 2030, e, máis polo miúdo, na lexislación educativa vixente.

Se extraemos as ideas principais sobre a educación e os obxectivos principais da aprendizaxe ao longo da vida dos documentos que se mencionan máis arriba, concluiremos que as liñas metodolóxicas que sigamos nas aulas deben:

- Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todos. (Axenda 2030)
- Construír unha contorna de aprendizaxe aberta, facer a aprendizaxe máis atractiva e promocionar a cidadanía activa, a igualdade de oportunidades e a cohesión social. (LOE)
- Abrirse ao mundo exterior, o que exige mellorar a aprendizaxe de idiomas estranxeiros, aumentar a mobilidade e os intercambios e reforzar a cooperación europea. (LOE)
- Axudar ao alumnado a desenvolver a capacidade de regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor. (LOE)

- Permitir adoptar as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes, segundo o que dispón a lei, conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe, facilitando o acceso aos apoios que o alumnado requira. (LOE)
- Facilitar a aplicación de plans educativos específicos deseñados polos docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo a través das contornas virtuais de aprendizaxe, que deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo. (LOE)
- Permitir ao alumnado o acceso, desde calquera sitio e en calquera momento, ás contornas de aprendizaxe dispoñibles nos centros docentes en que estuden, con pleno respecto ao que se dispón na normativa aplicable en materia de propiedade intelectual, privacidade e protección de datos persoais. (LOE)
- Promover os principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas, tanto en formatos e contidos como en ferramentas e contornas virtuais de aprendizaxe. (LOE)
- Contribuír a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias e poida formarse no seu uso crítico, desde a biblioteca escolar. (LOE)

A teor da lexislación específica de aprendizaxe dos idiomas, os principios metodolóxicos están reflectidos no Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia.

1. As ensinanzas de idiomas estarán orientadas ao desenvolvemento das distintas actividades de lingua, polo que se deberá abordar o ensino do idioma desde unha perspectiva de uso.
2. Para iso, deberase concibir a aula como un espazo onde se dean situacións comunicativas reais ou simuladas en que o alumnado participe e poida levar a cabo as actividades de comprensión, produción e mediación propias de cada nivel.
3. Nestas situacións procurarase activamente a erradicación de calquera tipo de acción ou comportamento que implique unha linguaxe sexista, o cuestionamento de estereotipos de xénero desigualitarios ou calquera outro que puidese considerarse discriminatorio por orixe, raza ou condición.
4. Os enfoques metodolóxicos estarán orientados á acción e crearán contextos de aprendizaxe que, por unha parte, axuden a cada estudante a atopar as súas propias estratexias de aprendizaxe e que, por outra banda, fomenten a autonomía do alumnado para que poida aproveitar ao máximo todas as ocasións para mellorar a propia capacidade de comunicación, tanto na aula coma fóra dela.

Concreción do proxecto educativo da escola: liñas metodolóxicas

Se existe, hoxe en día, unha proposta que garanta unha educación de calidade e inclusiva, que proporcione unha situación de aprendizaxe flexible, persoal e sen barreiras, baseada na neuroeducación e que promova o pensamento crítico, a participación activa do alumnado e a aprendizaxe profunda, esa proposta é, sen dúbida, o deseño universal da aprendizaxe.

O deseño universal de aprendizaxe é un marco conceptual, dinámico e colaborativo, que implica o uso na aula de diversas estratexias metodolóxicas diferentes, é un modelo, unha guía.

Di Coral Elizondo no seu libro *Neurociencia y diseño universal del aprendizaje* (2022):

El DUA permite planificar desde el inicio oportunidades de enseñanza y aprendizaje ricas y variadas para todo el alumnado, logrando, así, aprendices expertos decididos, motivados, comprometidos con la tarea, capaces de identificar los recursos adecuados y de desarrollar estrategias y cumplir las metas.

Principios e pautas DUA

Os estudantes non son iguais no que se refire ao xeito en que perciben e comprenden a información. Por iso, para asegurarnos de que todo o alumnado é quen de percibir a información, é recomendable proporcionar distintos medios e formas de representación, xa que o impacto na aprendizaxe é maior cando presentamos a información de modo visual e auditivo, de forma accesible. Alén disto, o alumnado debe ser quen de transformar a información accesible en coñecemento que poida empregar.

I. Proporcionar múltiples formas de representación:		
1. Proporcionar opcións para a percepción: O impacto na aprendizaxe é maior cando presentamos a información de modo visual e auditivo		
Pauta	Criterios para a escolla de materiais e recursos que apoian e concretan cada pauta:	si/ non
1.1 Ofrecer formas de personalizar a visualización da información.	<p>O material:</p> <p>inclúe gráficos ou infografías que axuden a comprender a información.</p> <p>inclúe contraste de cores que permite ao alumnado cambiar de fonte e empregar distintos tipos de letra.</p> <p>inclúe diversos recursos multimedia (vídeos, imaxes, presentacións)</p> <p>proporciona opcións para que o alumnado poida elixir entre diferentes formatos de contido segundo as súas preferencias.</p>	
1.2 Ofrecer alternativas para a información auditiva.	<p>O material auditivo:</p> <p>inclúe un ton e velocidade adecuados, e permiten ao alumnado seleccionar diferentes voces ou acentos.</p> <p>inclúe subtítulos, imaxes, metáforas visuais.</p> <p>ofrece transcricións das gravacións de audio.</p> <p>inclúe audios acompañados dun texto que resuma ou proporcione a información clave.</p> <p>está complementado con actividades visuais (presentación de diapositivas, gráficos ou vídeos explicativos).</p> <p>Incluimos convertedores de voz a texto.</p>	
1.3 Ofrecer alternativas á información visual.	<p>O material:</p> <p>inclúe gravacións que permiten seguir o texto.</p> <p>inclúe descricións de imaxes ou gráficos.</p> <p>utiliza presentacións visuais claras, que evitan a desorde e destacan (en letra grosa, por exemplo) os conceptos clave.</p> <p>contén información organizada de maneira lóxica e utiliza cores diversas para atopar relacións.</p> <p>ten suficiente contraste entre o texto e o fondo para facilitar a lectura.</p>	

2. Proporcionar opcións para a linguaxe e os símbolos: Unha estratexia educativa é asegurarse de que facilitamos a accesibilidade, a claridade e a comprensión se nos aseguramos de proporcionar representacións alternativas.		
2.1 Aclarar vocabulario e símbolos: é preciso construír significado a partir de palabras e símbolos usando diferentes representacións.	O material:	
	ofrece a posibilidade de incluír glosarios deseñados polo alumnado.	
	subliña ou destaca o vocabulario clave.	
	emprega etiquetas, debuxos ou símbolos.	
	aclara o vocabulario non só mediante definicións, senón tamén mediante imaxes, notas a pé de páxina ou audios.	
	aconsella o uso do dicionario segundo a actividade.	
	proporciona exemplos textuais do vocabulario clave.	
	evita xerga lingüística ou termos técnicos innecesarios.	
	axuda a crear mapas conceptuais, táboas ou algún outro formato que amose a relación entre os conceptos e as ideas.	
	os materiais dixitais son accesibles e personalizables para todo o alumnado (cor, tamaño de letra, lupas...).	
2.2 Aclarar a estrutura.	O material:	
	inclúe esquemas sinxelos, índices, guións etc.	
	inclúe organizadores gráficos que relacionan os elementos.	
	destaca as relacións entre conceptos.	
	fomenta o uso de mapas conceptuais para axudar o alumnado a visualizar a relación entre os conceptos.	
	emprega exemplos claros e específicos de estruturas lingüísticas que permitan ao alumnado entender como aplicar as regras gramaticais.	
	inclúe actividades interactivas que permiten ao alumnado practicar e aplicar as estruturas gramaticais de xeito práctico.	
	fai uso de cores para resaltar partes específicas dunha oración ou da súa estrutura gramatical.	
	introduce textos auténticos que reflicten o uso real da linguaxe.	
2.3 Apoiar a decodificación de textos	O material:	
	complementa os textos co uso de recursos educativos de audio.	
	permite o uso de texto a voz.	
	permite empregar textos dixitais con narrador.	
	ofrece aclaración dos símbolos mediante listaxes de termos chave.	
	permite flexibilidade e acceso doado a múltiples representacións de notación cando sexa apropiado.	
	emprega unha linguaxe clara e directa ao presentar a información escrita.	
	desagrega a información complexa en partes máis pequenas e manexables.	
	proporciona estruturas claras e organizativas, como encabezados ou viñetas, para axudar o alumnado a procesar a información de xeito secuencial.	
	incorpora recursos multimedia, como vídeos explicativos ou animacións, para reforzar conceptos complexos como complemento á información escrita.	
	facilita unha listaxe ou un resumo de conceptos clave, co seu significado descrición (p. ex. ao iniciar un tema).	
	proporciona instrucións claras e, paso a paso, cando presenta tarefas ou actividades que impliquen a decodificación de información	
2.4 Ilustrar a través de múltiples medios	O material:	
	inclúe ilustracións, táboas ou diagramas.	
	utiliza mapas mentais e conceptuais para representar visualmente a relación entre as ideas principais.	
	incorpora actividades prácticas e demostracións para ilustrar conceptos.	

	fomenta as discusións en grupo onde o alumnado poida compartir e explicar as ideas clave entre eles.	
	presenta a información en diferentes formatos de texto, como ensaios ou narracións para diversificar a presentación das ideas principais.	
	incentiva a creación de proxectos visuais e creativos onde o alumnado poida representar as ideas principais a través de debuxos, arte dixital ou mesmo representacións teatrais.	
	utiliza exemplos e casos prácticos para ilustrar as ideas principais.	
3. Proporcionar opcións para a comprensión: recoñecer a información non equivale a comprendela. Por iso, o alumnado debe ser quen de transformar a información accesible en coñecemento que poida empregar.		
3.1 Activar coñecementos previos, que preparen ao alumnado para as actividades de aprendizaxe.	O material:	
	inclúe cuestionarios sobre coñecementos previos.	
	inclúe imaxes e organizadores gráficos que activen os coñecementos previos.	
	inclúe actividades auténticas e significativas que permitan ao alumnado establecer relacións cos coñecementos previos.	
	vincula a información con outras áreas de coñecemento.	
	introduce enquisas e cuestionarios ao comezo dun tema para recompilar información sobre o que o alumnado xa sabe sobre o tema.	
	introduce rutinas de pensamento no proceso de aprendizaxe: antes pensaba - agora penso; sei - quero saber, aprendido (KWL, Know - Want to Learn - Learnt); 3-2-1 ponte; Conectar - Ampliar – Desafiar.	
	fomenta discusións en grupo onde o alumnado comparta as súas experiencias e coñecementos previos relacionados co tema.	
	utiliza actividades de trebón de ideas (por medios dixitais ou manuais) para recompilar ideas e coñecementos previos sobre un tema específico.	
	anima o alumnado a relacionar a nova información coas súas propias experiencias persoais (anécdotas, exemplos ou situacións que aplicasen conceptos similares).	
	conecta o contido do curso con temas de interese para o alumnado.	
	formula preguntas motivadoras (p. ex., ao comezo da sesión) que estimulen o pensamento crítico e que estean deseñadas para activar os coñecementos previos do alumnado antes de abordar un tema.	
3.2 Destacar patróns, características fundamentais, ideas principais e as relacións que existen entre elas coa finalidade de resaltar a información importante	O material:	
	emprega sistematicamente organizadores gráficos (mapas conceptuais, por exemplo).	
	usa un código de cores que axuda a memorizar.	
	resalta os elementos clave nos textos, diagramas etc.	
	organiza a información de maneira clara e lóxica para resaltar patróns e relacións.	
	utiliza estruturas como listas, táboas ou xerarquías para mostrar a información de maneira efectiva.	
	proporciona exemplos e contrastes claros para destacar características fundamentais e patróns no contido.	
	utiliza metáforas e analoxías para resaltar similitudes e diferenzas entre conceptos.	

<p>3.3 Guiar o procesamento da información, é dicir, apoiar o proceso de creación de significado a través de modelos, andamios e retroalimentación.</p>	<p>O material:</p>	
	<p>ofrece indicacións explícitas para cada paso nun proceso. emprega guións, pasos ou tutoriais. ofrece modelos. fracciona e organiza a información. elimina distraccións innecesarias. propón o uso de organizadores gráficos como mapas conceptuais, esquemas, táboas ou diagramas, que faciliten a visualización e comprensión. recomenda técnicas de mnemotécnica que faciliten o procesamento e a retención de información, como acrónimos, asociacións visuais e repeticións estruturadas.</p>	
<p>3.4 Maximizar a transferencia e a xeneralización da información, de xeito que o aprendido sexa 'transportable' á vida real.</p>	<p>O material:</p>	
	<p>emprega listas de verificación, organizadores, recordatorios electrónicos... promove o uso de estratexias e recursos mnemotécnicos. incorpora oportunidades para repasar e practicar o aprendido. facilita modelos, organizadores gráficos, mapas conceptuais... conecta a información nova co coñecemento previo. incorpora novas ideas ou contidos en contextos familiares (por exemplo, metáforas, música, películas...) busca oportunidades para repasar as ideas clave. inclúe actividades ricas e variadas que resulten estimulantes. promove a metacognición e a retroacción centrados na tarefa. utiliza a narración de historias e anécdotas para contextualizar a información e facela máis memorable. integra habilidades lingüísticas (lectura, escritura, fala e escoita) de maneira simultánea en actividades prácticas para mellorar a xeneralización dos coñecementos ao abordar o idioma de xeito integral. ensina estratexias de aprendizaxe para que o alumnado poida transferir o aprendido a outros contextos, como técnicas de lectura rápida, resumo efectivo, e estratexias de estudo activas (uso de flashcards, expoñer información de maneira visual, conectar a información co que xa se sabe...) aplica actividades de prácticas interenlazadas no tempo. Isto permitirá aplicar diversos coñecementos no mesmo momento, fomentando así a evocación de información. incorpora técnicas de reflexión e metacognición (p. ex., escaleira da metacognición...) onde o alumnado pense conscientemente sobre o que aprenderon, que dificultades tiveron e como aplicarán o aprendido. prepara actividades que estean claramente vinculadas con situacións do mundo real, como escritura de correos electrónicos, participación en debates... programa revisións regulares de material previamente aprendido para fortalecer a memoria a longo prazo e fomentar a xeneralización de habilidades en distintos contextos. proporciona retroacción formativa e oportunidades para a autoavaliación, o que permite ao alumnado identificar áreas de mellora e aplicar estratexias efectivas en futuras situacións.</p>	

Igual que o alumnado non percibe e comprende a información da mesma maneira, tamén son persoas diferentes no xeito de expresar o que saben. Por iso, é importante darlles diferentes oportunidades de expresar o que aprenderon. Para isto, precisamos:

II. Proporcionar múltiples formas de acción e expresión:		
4. Proporcionar materiais cos que todos os estudantes poidan interactuar. Os materiais curriculares deben ter un deseño adecuado e proporcionar ferramentas accesibles para todos.		
Pautas	Criterios para a escolla de materiais e recursos	si/non
4.1. Variar os métodos para a resposta e a navegación:	Os materiais e recursos permiten:	
	que o alumnado poida entregar as tarefas en diversidade de formatos e soportes: textos escritos, infografías, vídeos, a man, en liña...	
	organizar estacións de aprendizaxe con diferentes actividades, que involucren habilidades lingüísticas e situacións diferentes.	
	prazos de entrega de tarefas flexibles.	
	alternativas para as interaccións físicas cos materiais a través das mans, a voz, os conmutadores, as pancas de mandos, os teclados adaptados...	
	alternativas para dar respostas físicas ou por selección (alternativas ao uso do lapis, control do rato...).	
	facer uso de comandos de teclado para accións de rato.	
	acceder aos contidos ao ritmo do alumnado.	
4.2. Optimizar o acceso ás ferramentas e os produtos e tecnoloxías de apoio: recorrer ás ferramentas TIC para mellorar a accesibilidade:	O material:	
	facilita o acceso ás tecnoloxías inclusivas: teclados alternativos, teclas de acceso, rato.	
	é accesible desde dispositivos móbiles para o alumnado que prefire ou precisa traballar desde os seus teléfonos ou tabletas.	
	proporciona recursos en formatos que son universalmente accesibles, como PDF para documentos ou MP3 para arquivos de audio.	
	proporciona recursos e contactos de soporte técnico para que o alumnado poida obter axuda no caso de dificultades técnicas.	
	permite que o alumnado entregue as tarefas en múltiples medios (texto, voz, cinema, música)	
5. Proporciona opcións para a expresión e a comunicación.		
Pauta	Criterios para a escolla de materiais e recursos:	si/non
5.1. Usar múltiples medios de comunicación:	O material:	
	facilita a expresión do alumnado en múltiples medios como: texto, voz, debuxo, ilustración, deseño, cine, música, movemento, arte visual, escultura ou vídeo.	
	permite o uso de obxectos físicos manipulables, se procede.	
	permite o uso de medios sociais e ferramentas web interactivas (por exemplo, foros de discusión, chats, deseño web, ferramentas de anotación, guiños gráficos, viñetas de cómic, presentacións con animacións).	
	permite resolver as tarefas utilizando estratexias variadas.	
5.2. Usar múltiples ferramentas para a construción e a composición.	O material:	
	emprega a tecnoloxía para construír a aprendizaxe e o coñecemento, como por exemplo, empregar etiquetas que permitan observar como se constrúe e deconstrúen as diferentes partes dun texto.	
	inclúe o acceso a ferramentas como correctores ortográficos e gramaticais, como Word, Grammarly, ChatGPT...	
	permite o uso de soporte lóxico de recoñecemento e conversores texto-voz, ditados, gravacións, narración dixital etc.	

	proporciona unha variedade de respostas correctas.	
5.3. Definir competencias con niveis de apoio graduados para a práctica e a execución.	Os materiais:	
	inclúen actividades utilizando a taxonomía de Bloom. (Procesos cognitivos: recordar, comprender, aplicar, analizar, avaliar, crear).	
	amosan exemplos reais que demostren resultados esperados para cada nivel de competencia.	
	permiten o traballo con certa variedade de mentores que usen diferentes estratexias didácticas (profesorado, titorías e apoio entre iguais...).	
	establecen apoios que se irán retirando gradualmente segundo vaia aumentando a autonomía do alumnado (andamiaxe).	
	proporcionan diferentes modelos de simulación (por exemplo, modelos que demostren os mesmos resultados, mais utilizando diferentes enfoques, estratexias, habilidades etc.).	
	proporcionan diferentes tipos de retroaccións (por exemplo, retroacción que é accesible porque pode ser personalizado para aprendizaxes individuais).	
	proporcionan listas de verificación graduadas que permitan ao alumnado marcar o progreso a medida que avanza o que lles axuda a visualizar e acadar metas máis manexables.	
	inclúen rúbricas que permitan coñecer en que punto se atopa o alumnado con respecto a que criterio.	
6. Proporcionar opcións e apoios para a función executiva ou de máis alto nivel. Trátase de actividades mentais complexas que permiten planificar, organizar, asociar ideas, revisar, regularizar e avaliar o comportamento necesario para adaptarse á contorna e acadar os obxectivos que se fixaron.		
6.1. Guiar o establecemento adecuado de metas	Os materiais:	
	axudan a graduar as metas, en metas a curto, medio e longo prazo.	
	axudan o alumnado a identificar metas que sexan persoalmente significativas.	
	facilitan modelos ou exemplos do proceso e o resultado da definición das metas.	
	poñen as metas, obxectivos e plans nun lugar visible. (Ter sempre á disposición do alumnado os obxectivos do curso e os de cada unidade didáctica, así como proxectar o plan de cada clase).	
6.2. Apoiar a planificación e o desenvolvemento das estratexias.	Os materiais:	
	utilizan o método Kaizen, que se basea na idea de que, para obter cambios a longo prazo, é necesario empezar con pequenas accións continuas.	
	facilitan o uso de planificadores e integran nos procesos de aprendizaxe ferramentas de xestión do tempo como calendarios dixitais ou aplicacións de recordatorio.	
	recorren ás autoinstrucións para axudar os estudantes no desenvolvemento das estratexias...	
	integran avisos que leven a “parar e pensar” antes de actuar, así como espazos adecuados para iso.	
	incorporan chamadas a “amosar e explicar o seu propio traballo” (por exemplo, revisión do portafolio).	
	proporcionan listaxes de comprobación e modelos de planificación de proxectos para comprender o que hai que facer, establecer prioridades, secuencias e temporalización dos pasos que se deben seguir.	
	proporcionan pautas para dividir as metas a longo prazo en obxectivos que se poidan acadar a curto prazo .	
6.3. Facilitar a xestión da información e dos recursos, de xeito que apoiemos a organización	Os materiais:	
	proporcionan ferramentas visuais de planificación como calendarios, diagramas de fluxo, gráficos de planificación o listas de verificación, para organizar a información.	

e a memoria empregando ferramentas e procesos flexibles:	categorizan e etiquetan os recursos para unha fácil identificación e clasificación, por exemplo, empregan códigos de cores para categorizar.	
	proporcionan ferramentas dixitais que permitan tomar notas.	
	propoñen ao alumnado incluír índices e táboas de contido claros nas tarefas.	
	empregan listaxes para ordenar a información e tomar notas.	
	insiren comentarios ou resumos sobre as distintas sesións e/ou materiais, que permitan mellorar a xestión da información.	
6.4. Aumentar a capacidade para facer un seguimento dos avances:	Os materiais:	
	fomentan a autoavaliación, a autorreflexión e a autorregulación sobre o proceso de aprendizaxe, para ter unha visión máis realista da propia aprendizaxe.	
	fomenta a autonomía na aprendizaxe, engadindo retroalimentación para aprender dos erros ou afianzar os obxectivos acadados.	
	propoñen unha retroalimentación orientada ao progreso e ao proceso, amosando representacións dos progresos do alumnado (por exemplo, do antes e o despois con fotos, gráficas e esquemas ou táboas que amosen o progreso ao longo do tempo, portafolios do proceso).	
	usan modelos que guíen a autorreflexión sobre a calidade e sobre o que se leva feito (por exemplo, a través de preguntas) e a autoavaliación (role playing, revisións de vídeo, retroacción entre iguais).	
	anima e impulsa o “feedforward”, é dicir, destaca o podemos mellorar para o futuro.	
	propón realizar portafolios e diarios de aprendizaxe onde se reflectan as tarefas e reflexións do alumnado para os distintos puntos do proceso.	
	inclúe probas de comprensión, expresión e mediación periódicas que permitan avaliar as habilidades lingüísticas do alumnado ao longo do tempo.	
empregan rúbricas descritivas con diversos niveis de logro para cada criterio de avaliación.		

O afecto representa un elemento crucial na aprendizaxe. O que motiva e fai que o alumnado se implique na súa aprendizaxe difire moito duns estudantes a outros. Para responder a esta variabilidade nos contextos educativos é importante proporcionar opcións que permitan formas diferentes de implicarse na aprendizaxe. Nesta táboa, fanse diversas propostas para atender á diversidade na motivación e a implicación.

II. Proporcionar múltiples formas de implicación:		
7. Proporcionar opcións para captar o interese:		
Pautas	Cráterios para a escolla de materiais e recursos	si/non
7.1. Optimizar a elección individual e a autonomía	Os materiais e recursos:	
	permiten informar o alumnado ao inicio do curso e ao inicio de cada unidade didáctica dos obxectivos que se busca acadar e as ferramentas que se poden seguir.	
	presentan a información nun formato flexible de xeito que poidan modificarse as características perceptivas. Por exemplo, presentar os materiais en formato editable e que pertencen ao dominio público (sen dereitos de autor), de xeito que o alumnado poida modificar o tamaño da letra, o contraste nas imaxes...	
	favorecen que o alumnado participe no proceso de deseño das actividades de clase e das tarefas académicas.	
	involucran o alumnado, sempre que sexa posible, no establecemento dos seus propios obxectivos persoais académicos e condutuais.	
	son variados (libros de texto, vídeos, audios, xogos, aplicacións...	

	<p>permiten que o alumnado entregue a tarefa en formatos diversos: presentación, vídeo, texto...</p>	
	<p>permiten que o alumnado escolla entre diferentes actividades ou tarefas para practicar as habilidades lingüísticas.</p>	
	<p>permiten adaptar o ritmo de entregas para que o alumnado avance ata onde poida.</p>	
7.2. Optimizar a relevancia, o valor e a autenticidade	Os materiais:	
	resaltan a utilidade e a importancia da aprendizaxe e amosan a súa relevancia mediante actividades reais e significativas.	
	proporcionan diferentes opcións que optimicen o que é relevante, valioso e significativo para cada un das persoas estudantes para, deste xeito, danlle a oportunidade a que todo o alumnado se implique por igual.	
	varían as actividades e as fontes de información para que poidan ser personalizadas e estar contextualizadas na vida real ou nos intereses do alumnado, apropiadas á idade e á capacidade, así como ás diferentes razas, culturas, identidades...	
	propoñen actividades que proporcionen resultados auténticos, comunicables a unha audiencia real e que reflictan un claro propósito para as persoas participantes.	
	permiten a participación activa, a exploración e a experimentación.	
	promoven a elaboración de respostas persoais, a avaliación e a autoreflexión cara ás actividades.	
	inclúen actividades que fomenten o uso da imaxinación para resolver problemas novidades e relevantes, ou dean sentido ás ideas complexas de xeito creativo.	
	incorporan nas tarefas contido cultural relevante para que o alumnado non practique só o idioma, senón que tamén comprenda a cultura asociada. Isto engade autenticidade e valor cultural ás actividades.	
	propoñen proxectos baseados en problemas do mundo real que requiran o uso do idioma para investigar, analizar e propor solucións.	
	e os recursos son auténticos, como artigos de noticias, bitácoras, vídeos, artigos científicos ou música no idioma obxectivo. Isto permite mostrar ao alumnado a lingua tal como se usa naturalmente en diversos contextos.	
	propoñen actividades que desafíen o alumnado a resolver problemas utilizando o idioma, como resolver malos entendidos culturais, planificando unha viaxe, ou abordando desafíos da comunicación.	
	inclúen proxectos de colaboración global que conecten a persoas estudantes con outras que aprendan a lingua do alumnado. Isto permite ampliar a perspectiva e traballar nun contexto global.	
	incorporan a tecnoloxía de maneira que engada valor ás tarefas: crear unha bitácora na lingua obxecto, participar en debates de redes sociais, facilitar a comunicación con outro alumnado que estea aprendendo linguas.	
7.3. Minimizar a sensación de inseguridade e as distraccións	Os materiais:	
	favorecen o diálogo para guiar o autocontrol e a reflexión, ademais de reforzar os aspectos positivos da aprendizaxe.	
	axudan a crear rutinas na aula.	
	inclúen gráficos, calendarios, programas, recordatorios etc, que poidan incrementar a predictibilidade das actividades diarias.	
	inclúen gráficas, esquemas ou táboas que amosen o progreso ao longo do tempo.	
	proporcionan diferentes modelos de estratexias de autoavaliación.	

	favorecen a variación no ritmo de traballo, duración das sesións, dispoñibilidade dos descansos, tempos de agarda, a temporalización ou a secuencia das actividades.	
	implica en debates a todo o alumnado da clase.	
	inclúe listas de comprobación para a avaliación ou exemplos de prácticas ou traballos de alumnado avaliado con anotacións e comentarios.	
	son accesibles e están dispoñibles para todo o alumnado.	
	e as actividades son variados para reducir a sensación de monotonía.	
	combinan actividades con intervalos curtos de enfoque seguidos de pausas para axudar a manter a atención e reducir a fatiga.	
	proporcionan retroalimentación construtiva e específica (p. ex., empregando a técnica do sándwich) para axudar a reducir as inseguridades e ofrecer vías para mellorar.	
8. Proporcionar opcións para manter o esforzo e a persistencia.		
Pauta	Critérios para a escolla de materiais e recursos:	si/non
8.1. Resaltar a relevancia das metas e os obxectivos:	Os materiais:	
	presentan os obxectivos e os criterios de avaliación para cada tarefa claramente, co fin de que o alumnado saiba que se espera del.	
	presentan os obxectivos de diferentes maneiras para guiar a aprendizaxe.	
	distribúen as actividades de forma organizada e clara, de maneira que o alumnado coñeza que é o que debe facer en cada momento (pódense usar gráficos que reflectan o que cadaquén debe facer, por exemplo).	
	ofrecen ao alumnado listas de cotexo para que comprobe se acadou as metas e os obxectivos.	
	inclúen actividades de establecemento de contactos que permiten ao alumnado interactuar con falantes nativos que usen o idioma en diversos contextos.	
	indican en cada tarefa o motivo para realizala para que o alumnado saiba que pode achegarlle de cara a su futuro (expectativas de rendemento).	
8.2. Variar os niveis de exigencia e os recursos para optimizar os desafíos.	Os materiais:	
	establecen diferentes graos de complexidade dentro das tarefas para atender a diversidade e conseguir manter a motivación do alumnado.	
	ofrecen información de fontes e en soportes diferentes para acadar as metas e obxectivos propostos (texto escrito, vídeo con subtítulos, audio).	
	adáptanse ao alumnado na cantidade de información que presentan segundo a capacidade e a necesidade do alumnado, proporcionando información básica a aqueles que requiran un nivel esencial e información máis profunda a quen requira unha maior mestría.	
	gradúan as actividades en función de distintas dificultades, permitindo adaptalas aos coñecementos de cada estudante.	
8.3. Fomentar a colaboración e a comunidade.	Os materiais:	
	propician a colaboración entre iguais a través do traballo en parellas ou en grupo, en que o alumnado comparta os seus coñecementos e as súas experiencias.	
	propón a creación de grupos de colaboración con roles e con responsabilidades claras.	
	promoven a intervención de todo o alumnado no proceso de aprendizaxe, tanto nas clases presenciais coma nas diferentes plataformas, e procuran a súa participación nas actividades non lectivas	
	facilitan o traballo en diferentes grupos para crear comunidade.	

	crean expectativas para o traballo en grupo, a través de normas ou indicacións.	
	utiliza plataformas en liña para facilitar a colaboración fóra da aula: foros, redes sociais, mensaxaría instantánea...	
	facilitan a introdución de sesións de retroacción entre pares, onde o alumnado revisa e comenta o traballo dos/das seus/súas compañeiros/as.	
	empregan diversidade de técnicas de traballo cooperativo (1-2-4, Jigsaw, folio xiratorio, lapis ao centro...).	
8.4. Utilizar a retroalimentación orientada cara á mestría nunha tarefa	axudan a identificar o erro como un modo de aprendizaxe.	
	propón estratexias para identificar o traballo ben realizado para promover o reforzo positivo.	
	valora o esforzo e a mellora do alumnado a través de comentarios positivos.	
	inclúe rúbricas que describen os distintos niveles de desempeño para cada criterio de avaliación.	
	inclúen modelos a modo de exemplos prácticos sobre que é o que se espera da tarefa.	
	priorizan a avaliación criterial, antes que a avaliación normativa.	
	promove a reflexión sobre se a tarefa se realizou de modo correcto para acadar as metas e os obxectivos propostos.	
9. Proporcionar pautas para a autorregulación:		
9.1. Promover expectativas e crencias que optimizan a motivación.	Os materiais:	
	inclúen actividades de distinta natureza relacionadas cos intereses do alumnado.	
	apoian os obxectivos e metas persoais que permitan marcar proxectos de vida realistas con expectativas reais.	
	axudan a crear na aula unha cultura de apoderamento do alumnado para que sexan capaces de "saber sobre", "saber como" e "saber por que e cando" utilizando estratexias como rutinas de pensamento, destrezas de pensamento ou claves de pensamento.	
	fan fincapé no vocabulario e expresións relacionados con situacións da vida cotiá ou temas relevantes para o alumnado.	
	tratan de adaptar a dificultade da tarefa ao nivel de competencia do alumnado, para evitar o aburrimiento, pero tamén para evitar o estrés (expectativas de esforzo + Teoría do fluxo).	
9.2. Facilitar estratexias e habilidades persoais para afrontar os problemas da vida cotiá.	Os materiais:	
	axudan a traballar na aula estratexias de habilidades sociais.	
	acompañan os obxectivos dunha rúbrica que lles permita facer un seguimento dos seus avances.	
	ofrece modelos e situación reais sobre habilidades para afrontar problemas (titorías afectivas).	
	ofrece modelos para exercitar habilidades para afrontar situacións conflitivas: convivencia positiva, círculos restaurativos...	
	permiten a titoría entre iguais para modelar o proceso de establecemento de metas persoais.	
	proporcionan estratexias de afrontamento para manexar o estrés e a frustración ante o fallo: técnicas de relaxación física, relaxación mental, autocontrol, distracción puntual, identificación e xestión das nosas emocións, o apoio social...	
	inclúen proxectos que involucran o alumnado na solución de problemas do mundo real utilizando o idioma que están aprendendo. Isto pode incluír facer entrevistas, preparar enquisas e presentar resultados a investigacións	

	sacadas de situacións cotiás.	
8.3. Desenvolver a autoavaliación e a reflexión.	Os materiais:	
	proporcionan rúbricas ou outras ferramentas que permitan ao alumando reflexionar sobre a súa propia aprendizaxe.	
	inclúen rutinas de pensamento que fomenten a autoavaliación, como o semáforo (Que sei? Que me xera dúbida? ¿Que non sei e nunca me preocupe en aprender?), a técnica KWL (Que sei?, Que me gustaría saber? Que aprendín?), ou similares.	
	promoven a metacognición, por exemplo, a través da escaleira da metacognición (Que aprendín? Como o aprendín? Para que me serviu? En que outras ocasións podo usalo?)	
	propoñen actividades autocorrixibles que permitan ao alumnado autoavaliarse e autorregularse.	
	inclúen diarios de aprendizaxe ou portfolios en que o alumnado reflexione sobre as súas experiencias de aprendizaxe, desafíos e logros.	
	convidan a compartir historias de éxito persoais doutros estudantes que superaran desafíos similares na vida cotiá con fin de que sirvan de inspiración.	

Ademais de respectar os principios metodolóxicos do DUA, na escolla de materiais debemos respectar os dereitos de autor. A continuación, presentamos tamén unha táboa que pode axudar a escoller un libro de texto ou outro tipo de materiais didácticos.

Documentos para a esollha dos libros de texto ou calquera outro material didáctico

	(1 peor valoración – 5 mellor valoración)	1	2	3	4	5
FORMATO DO LIBRO	Encadernación (solidez)					
	Manexabilidade (tamaño)					
	Custo					
DESEÑO GRÁFICO	Texto (tipo e tamaño de letra)					
	Estilo (esquemático, textos longos ou curtos...)					
	Estrutura interna (marxes, encabezados...)					
	Ilustracións (estética, adecuación, calidade, proporción)					
	Esquemas (vocabulario, gramática, obxectivos, contidos, estratexias...)					
	Táboas (vocabulario, gramática, obxectivos, contidos, estratexias...)					
OS MATERIAIS	Gráficos					
	Son coherentes cos seus principios metodolóxicos?					
	Mantéñen unha secuencia coherente e organizada das súas propostas de aprendizaxe?					
	Organízanse en torno ás tarefas que se propoñen?					
	Inclúen información sobre as competencias xerais que lle poden ser útiles ao alumnado para levar a cabo as tarefas?					
	Sitúan ao mesmo nivel as competencias comunicativas lingüísticas, as pragmáticas e as sociolingüísticas?					
	Conteñen material impreso, sonoro e visual, ou unha combinación deles?					
	A súa variedade permite respectar os estilos de aprendizaxe?					
OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS	Son atractivos e agradables na súa presentación gráfica, visual ou sonora?					
	Son compatibles co enfoque orientado á acción?					
AS ACTIVIDADES, OS CONTIDOS E OS TEMAS PROPOSTOS	Son axeitados para a nosa programación?					
	Son adecuados para a idade e as características do noso alumnado?					
O NIVEL	Son actuais e están próximos á experiencia diaria do noso alumnado e dos/as falantes actuais da lingua?					
	Fai referencia a un nivel do Marco Común Europeo?					
OS CONTIDOS	Respéctase de xeito coherente, sen saltos nin variacións?					
	Coinciden en gran medida os contidos comunicativos, lingüísticos e culturais propostos cos contidos da nosa programación?					
AS ACTIVIDADES E AS TAREFAS QUE SE PROPOÑEN	Trabállanse en función das necesidades de cada tarefa?					
	Son comunicativas, é dicir, perseguen a capacitación do alumnado para usar a lingua?					
	Teñen en conta as necesidades do alumnado?					
	Fomentan a práctica contextualizada da lingua?					
	Incentivan a participación do alumnado na súa planificación, análise e avaliación?					
	Mantéñen o equilibrio entre a atención que se lle presta á forma e ao éxito na súa realización?					
	Permiten un adestramento equilibrado de todas as competencias?					
	Posibilitan o uso de estratexias de aprendizaxe?					
OS OBXECTIVOS	Dan resposta á diversidade de intereses, de coñecementos e de capacidades?					
	Hainas individuais, por parellas, para pequenos grupos e para gran grupo?					
	Hai autoavaliacións?					
	Coinciden en gran medida os obxectivos propostos explícitos e implícitos das actividades e das tarefas cos obxectivos da nosa programación?					
OS TEXTOS PROPOSTOS	Son actuais?					
	Son auténticos?					

A oferta formativa

Co paso dos anos, atendendo á demanda da sociedade e contando co apoio da administración educativa, a Escola Oficial de Idiomas de Lugo incrementou a súa oferta de estudos de linguas estranxeiras.

Modalidades de ensino:

- a) Ensino oficial presencial dos idiomas alemán, chinés, español para estranxeiros, francés, galego, inglés, italiano e portugués, de acordo co disposto no Decreto 81/2018.
- b) Ensino oficial semipresencial en cursos de alemán e de inglés.
- c) Ensino a distancia, *That's English!*, regulado pola Orde ESD/1742/2008, do 17 de xuño, pola que se regulan as características e se establecen a estrutura, o currículo e as probas correspondentes ao nivel básico e ao nivel intermedio das ensinanzas de réxime especial de inglés adaptadas á modalidade de educación á distancia e pola Orde ECD/1211/2014, do 8 de xullo, que regula as características e establece a estrutura, o currículo e as probas correspondentes ao nivel avanzado das ensinanzas de réxime especial de inglés, adaptadas á modalidade de educación a distancia.
- d) Ensino en liña, a través dos cursos de linguaxe administrativa.

Cursos para colectivos máis específicos

- Cursos de linguaxe administrativa, de grao medio e superior, dirixidos ao persoal dependente da Administración autonómica, que se regula por unha orde que acada o ano natural.
- Cursos de preparación para a obtención dos certificados de lingua galega (Celga), Orde de 16 de xullo de 2007, pola que regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega.
- Cursos de formación de profesorado (CFR) impartidos polo profesorado do centro coa coordinación do Centro de Formación e Recursos de Lugo.
- Cursos monográficos de expresión oral.
- Cursos CALC niveis B2 e C1: as escolas oficiais de idiomas, ademais da formación en linguas estranxeiras para toda a sociedade, ofrecen cursos de desenvolvemento da competencia comunicativa e lingüística para profesorado, en consonancia coas novas necesidades dos devanditos novos perfís docentes.
- Programa CUALE (Programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado), vixente en Galicia dende o ano 2007 que, ao abeiro da Orde do 12 de maio de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado, CUALE, nos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia, permite ao alumnado destes centros certificar o nivel que estea a cursar nas escolas oficiais de idiomas.

Certificación dos niveis do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas

- Modalidade oficial, que realiza as probas de certificación de todos os niveis do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.
- Modalidade libre, que só realiza as probas de certificación dos niveis A2, B1, B2 e C1 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, nunha única convocatoria.

Directrices xerais para a elaboración e seguimento das programacións didácticas.

As programacións didácticas son a guía do proceso de ensino-aprendizaxe que permite unha planificación e coherencia ao longo deste. Deben ser coherentes entre si, basearse no currículo que se establece no Decreto 81/2018, do 19 de xullo, e respectar as liñas metodolóxicas que se propoñen neste documento. Deste xeito, estableceranse unha estrutura básica que permita dinamizar o traballo colaborativo entre os/as docentes dos diferentes departamentos e facilitaremos a incorporación do profesorado novo.

A súa elaboración é unhas das funcións principais do persoal docente, xa que nela se concretan os principios, obxectivos, competencias e contidos, criterios de avaliación e de cualificación que rexerán o proceso de aprendizaxe. Debe ser útil e viable, axustada en tempos, recursos e espazos. Ao mesmo tempo, debe ser flexible, permitindo axustes e revisións durante o curso.

Propoñemos que haxa un tronco común para todos os departamentos, xa que, por unha parte, facilitará o labor do profesorado tanto na súa redacción como na posta en práctica, e, pola outra parte, axudará ao alumnado a ter presentes de xeito claro os obxectivos que debe acadar, a metodoloxía que se promove na escola e os criterios de avaliación e cualificación.

Os principios metodolóxicos serán comúns a todas as linguas e especificarán as barreiras máis comúns que atopamos nas situacións de aprendizaxe que dificultan o camiño do alumnado na súa aprendizaxe. Neste sentido, pasamos dun modelo onde se tiñan en conta os problemas de aprendizaxe e os condicionantes individuais do alumnado a un modelo inclusivo en que se teñen en conta calquera elemento do contexto que poden supoñer unha barreira na aprendizaxe.

Planificar segundo o DUA require un punto de vista diferente. Polo tanto, para planificar unha aula inclusiva segundo os principios do DUA, o primeiro paso é reflexionar para identificar as barreiras á aprendizaxe que poden existir no noso contexto. Nas programacións didácticas, asociamos cada barreira a un punto de verificación do modelo DUA para poder aplicar as medidas que permitan ao alumnado superar as barreiras.

As unidades didácticas recollidas na programación deben basearse nos obxectivos e competencias do nivel correspondente. Deben ser orientativas e permitirlle ao profesorado adaptalas ás necesidades do seu alumnado para que sexa quen de acadar os obxectivos do nivel.

Avaliación da programación didáctica e proposta de revisión para o seguinte curso

Aspectos que se van avaliar (1 é a peor valoración e 5 a mellor valoración)	1	2	3	4	5	Propostas de mellora
Temporización das unidades didácticas						
Desenvolvemento dos obxectivos						
Adecuación das competencias ao nivel						
Adaptación das tarefas aos diferentes estilos de aprendizaxe						
Selección das estratexias metodolóxicas						
Recursos didácticos dispoñibles						
Adecuación dos contidos aos criterios						

de avaliación propostos nas probas de certificación
Análise dos instrumentos de avaliación
Autoavaliación e coavaliación do alumnado para fomentar a súa autonomía e responsabilidade no seu proceso de aprendizaxe
Eficacia da aula virtual para que o alumnado poida ampliar ou afondar no seu coñecemento
Atención á diversidade
Coordinación con outros departamentos
Mecanismos para detectar necesidades de formación do profesorado

Unidade	Adecuado	Non adecuado	Propostas de mellora
Temporización	Número de sesións		
	Situación no momento		
Metodoloxía	Motivación		
	Clima conseguido		
	Traballo en grupo		
	Traballo responsable reflexivo		
Recursos	Audios		
	Textos escritos		
	Uso das TIC		
	Encerados interactivos		
Competencias	Adecuación das competencias aos criterios de avaliación propostos nas probas de certificación		
Actividades	De motivación		
	De desenvolvemento		
	De reforzo		
	Actividades adaptadas		
Avaliación	Inicial		
	Final		
Atención á diversidade	Adaptación das actividades		
Interdisciplinabilidade	Coordinación coa Biblioteca e outros departamentos		

Directrices xerais para a elaboración das actividades culturais e de promoción dos idiomas.

As actividades culturais e de promoción dos idiomas estarán en consonancia cos obxectivos que se especifican neste documento e cos obxectivos e contidos que se establecen nas programacións. Promoverán a inclusión de toda a comunidade escolar e favorecerán a aprendizaxe integrando diferentes formas de implicación, representación e expresión.

A biblioteca polarizará a actividade cultural do centro e axudará ao desenvolvemento das actividades culturais e de promoción dos idiomas.

Para facilitar a aprendizaxe ao alumnado a escola apoiará iniciativas que:

- fomenten a autonomía na aprendizaxe do alumnado, para que poida aproveitar ao máximo todas as ocasións para mellorar a propia capacidade de comunicación, tanto na aula coma fóra dela.
- promovan as oportunidades de éxito do alumnado para mellorar a súa autoeficacia.
- promovan os principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas, tanto en formatos e contidos como en ferramentas e contornas virtuais de aprendizaxe.
- fomenten a superación de estereotipos, prexuízos e discriminacións por razón de xénero, orixe, etnia etc, así como as desigualdades sociais e as xerarquías baseadas neses estereotipos, en modas sociais ou culturais, en prexuízos sexistas ou en calquera outra forma de discriminación.
- impulsen e fomenten a participación do centro en proxectos europeos e a incorporación de profesorado nativo de apoio, como auxiliares de conversa, para contribuír ao enriquecemento cultural do alumnado, a través do contacto cos falantes e cos ámbitos culturais propios dos idiomas cuxo ensino se imparte no centro (proxectos internacionais, Erasmus+, e-Twinning...).
- fomenten a participación activa na dinamización da biblioteca.
- visibilicen a escola nas redes sociais, plataformas educativas, prensa e nos centros educativos da contorna, así como outras iniciativas da comunidade que promocionen o centro no exterior (actividades ou clases na rúa, colaboracións con outros centros e administracións).

Para isto, favorecerase a posta en marcha de proxectos que apoian o Deseño universal da aprendizaxe. Por exemplo:

- Proxectos de servizo comunitario / Aprendizaxe Servizo (ApS) para que o alumnado aplique as súas habilidades lingüísticas en situacións do mundo real (p. ex., facer presentacións sobre a cultura propia para persoas doutras procedencias...).
- Eventos abertos á comunidade en que o alumnado poida participar, como feiras lingüísticas, eventos de gastronomía internacional, actividades de lectura etc.
- Viaxes organizadas a países onde se fale a lingua de estudo, sempre que se establezan uns obxectivos de aprendizaxe claros e preferiblemente enmarcadas dentro dun proxecto máis amplo.
- Eventos de intercambio cultural (presenciais ou en liña) en que o alumnado interactúe con falantes nativos do idioma que está aprendendo.
- Relatorios, obradoiros e presentacións sobre temas relevantes para o alumnado, co-organizados directamente polo alumnado a través de coordinacións como o EDLG ou a biblioteca.

- Foros de discusión e debate sobre temas actuais e relevantes (sociais, políticos, económicos...), que permitan ao alumnado desenvolver o espírito crítico, expresar a súa opinión e compartir experiencias da súa vida cotiá.
- Espazos e tempos que permitan flexibilidade no formato das clases, compartindo momentos e experiencias de aprendizaxe con toda a comunidade escolar.

Directrices para o funcionamento adecuado das titorías.

Plan de Acción Titorial:

- Propor un horario de atención ao alumnado que se adecúe ás súas necesidades (preto das súas horas de clase).
- Promover o uso de aulas virtuais, espazos educativos na nube, bitácoras, correo electrónico e outras ferramentas informáticas, para reforzar o traballo na aula e, especialmente, para compensar a desvantaxe educativa que presenta o alumnado que non pode asistir á clase durante un período longo de tempo.
- Identificar as necesidades educativas do alumnado e asegurarlle os recursos necesarios para que poida acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e cumprir cos obxectivos establecidos para o nivel en que están matriculados.
- Promover unha relación entre o alumnado e as titoras e os titores baseada na aceptación e confianza para proporcionar unha boa comunicación.

Plan de avaliación de todos os proxectos pedagóxicos e de funcionamento e de xestión da escola.

Obxectivos da avaliación do centro

A avaliación é unha estratexia encamiñada a mellorar a calidade educativa, o funcionamento e a xestión do centro que terá en conta os seguintes aspectos:

- Coñecer a situación actual do centro, das súas compoñentes organizativas e funcionais no momento en que se propón a avaliación.
- Detectar as dificultades para conseguir os obxectivos que se establecen neste documento e desenvolver un plan de actuación para emendalas.
- Potenciar as medidas e recursos de actuación que se revelan como eficaces para conseguir os obxectivos que se establecen no Proxecto educativo.
- Coñecer e valorar os resultados que se obteñan.
- Formular un plan de actuación adecuado ao centro en función dos datos que se obteñan.

Que se avalía?

Os documentos polos que se rexe o centro:

- Proxecto educativo
- Plan de convivencia
- Plan de igualdade
- Proxecto lingüístico
- Normas de organización e funcionamento

Os documentos de organización anuais:

- Programación xeral anual
- Programacións didácticas
- Plan dixital
- Plan anual de lectura
- Plan de formación do profesorado
- Proxecto de dinamización da lingua galega

Como se avalía?

Os procedementos e ferramentas de avaliación dependerán do documento que se está avaliando, xa que cada un deles especifica como se realizará a avaliación.

En liñas xerais, empregaranse ferramentas como as que seguen: enquisas, análises DAFO, memorias, cuestionarios de autoavaliación, rúbricas, listaxes de verificación e similares.

Para a revisión e a actualización dos documentos polos que se rexe o centro, serán posibles procedementos de avaliación: a formación de grupos de traballo, análise periódica da situación por parte das respectivas comisións e dos órganos colexiados.

Para a revisión e a actualización dos documentos de organización anuais, empregaranse as ferramentas que se describiron con anterioridade coa periodicidade establecida en cada documento. Ademais, a CCP e os departamentos didácticos deberán establecer un procedemento de avaliación das programacións didácticas común a todos os departamentos.